

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria NÚMERO: 2020/10

DATA: xoves 24 de setembro de 2020

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 21:11 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA MÓNICA PICHEL GARCIA, que redacta esta acta.

ASISTEN

BNG

ADELINA CES QUINTANS

TOBIAS BETANZOS REGO

RAQUEL GARCIA ABUIN

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA

PP

GERMAN ALLUT VIDAL

ALICIA CAROU ROMERO

FRANCISCO RUBIO VICENTE

PSdeG-PSOE

MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑIZ ( que se incorpora á sesión plenaria no terceiro punto da Orde do día)

MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA

FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

Rianxo en Común-SON

JULIAN BUSTELO ABUIN

JULIO ALCALDE HERMO

AUSENTES

PP

MARIANO MOARES RIAL

Ciudadanos

SARA MARÍA RESUA PATIÑO

## ORDE DO DÍA

### **PARTE RESOLUTIVA**

1. APROBACIÓN ACTAS PLENOS

2. APROBACIÓN FESTIVOS LOCAIS 2021

3. RATIFICACIÓN R.A. 218/2020 DE 14.04.2020 APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO PARA A OBRA INSTALACIÓN DE UNHA ÁREA RECREATIVA INFANTIL NO CEIP ANA MARÍA DIEGUEZ

4. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA 237/2020 DE APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO PARA A OBRA DOTACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE QUINTÁNS, NA PARROQUIA DE ISORNA FASE I

5. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA 238/2020 DE APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO PARA A OBRA DOTACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO CON DEPURACIÓN NO LUGAR DE VILAS CONCELLO DE RIANXO FASE I

6. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA 239/2020 DE APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO PARA A OBRA DOTACIÓN E AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE OUTEIRO, NA PARROQUIA DE TARAGOÑA

### **PARTE DE CONTROL**

1. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

2. DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2021

3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE: PROTOCOLO FRONTE AO CORONAVIRUS NA VOLTA ÁS AULAS ESTE VINDEIRO CURSO ESCOLAR

4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE RIANXO EN COMÚN, PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO PARA O CURSO ESCOLAR 2020-2021.

5. MOCIÓN DO BNG: PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID19 NOS CENTROS DE ENSINO PARA O CURSO ESCOLAR 2020-21

6. ROGOS E PREGUNTAS

## ACORDOS

## DELIBERACIÓN

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2020/G010/000010 e identificado pola pegada dixital:

**b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://youtu.be/d8rlQhwvgQk>**

## PARTE RESOLUTIVA

### 1 APROBACIÓN ACTAS PLENOS

#### **APROBACIÓN ACTA Nº 8/2020 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 30/07/2020**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 8/2020 de 30/07/2020.

Propónse ao Pleno o seguinte ACORDO:

#### PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 30/07/2020, Acta nº 8/2020.

#### SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

#### **APROBACIÓN ACTA Nº 9/2020 DO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 26/08/2020**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 9/2020 de 26/08/2020.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 26/08/2020, Acta nº 9/2020.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## **2 APROBACIÓN FESTIVOS LOCAIS 2021**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a proposta relativa a APROBACIÓN FESTIVOS LOCAIS 2021, sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

Visto que o concello de Rianxo ten que comunicar ao Servizo de Traballo e Economía Social, os dous días que para todo o termo Municipal de Rianxo se fixen como Festas Locais no próximo ano 2021, para os efectos de poder confeccionar o calendario laboral da Provincia de Coruña para dito ano.

Conforme ao establecido no artigo 37.2 do Real decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores que di:

*2. Las fiestas laborales, que tendrán carácter retribuido y no recuperable, no podrán exceder de catorce al año, de las cuales dos serán locales. En cualquier caso se respetarán como fiestas de ámbito nacional las de la Natividad del Señor, Año Nuevo, 1 de mayo, como Fiesta del Trabajo, y 12 de octubre,*

*como Fiesta Nacional de España*

e no artigo 45 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, no que se prevé que: *“serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición lle sexan propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente –a proposta do Pleno do Concello correspondente- e publicándose no Boletín oficial da Comunidade Autónoma e, no seu caso, no Boletín oficial da Provincia”.*

Pola presente, esta Alcaldía propón ao Pleno corporativo o seguinte, **ACORDO:**

#### PRIMEIRO

Sinalar como Festas Locais deste Concello para o ano 2021, os seguintes días:

- 16 de xullo de 2021: día do Carme
- 17 de setembro de 2021: Venres de Guadalupe.

#### SEGUNDO

Comunicar ao Servizo de Traballo e Economía Social da Xefatura territorial da Coruña, para o seu coñecemento e efectos.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

### **3 RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA 218/2019 DE APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO PARA A OBRA INSTALACIÓN DE UNHA ÁREA RECREATIVA INFANTIL NO CEIP ANA MARÍA DIEGUEZ**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a **ratificación resolución alcaldía 218/2020 de aprobación do proxecto técnico modificado para a obra Instalación de unha área recreativa infantil no CEIP Ana María Dieguez**, sen ditame previo de Comisión Informativa dado que con data 14 de marzo de 2020 o Goberno da Nación mediante Decreto 463/2020 declara o estado de alarma en todo o territorio nacional adoptando unha serie de medidas para a prevención da propagación da pandemia motivada polo COVID-19, entre as que se atopa a suspensión dos prazos administrativos (disposición adicional 3ª) e de prescrición e caducidade (disposición adicional 4ª), pese a isto a Deputación Provincial da Coruña requiriu ao Concello a unha serie de subsanacións con respecto ao proxecto sinalado, sendo preciso aprobar canto

antes o acordo relativo ao citado expediente aos efectos de poder aprobar o expediente correspondente ao Plan Provincial POS+2020.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes ( unha vez incorporada a concelleira dona María José Tembra Muñiz) dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Con data 14 de abril de 2020 con Resolución de Alcaldía número 218/2020 que a continuación se transcribe:

#### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

#### **POS 2020 - PRÉSTAMO - INSTALACIÓN DE UNHA ÁREA RECREATIVA INFANTIL NO CEIP ANA MARÍA DIEGUEZ.**

#### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: SUBSANACIÓN REQUIRIMENTO DEPUTACIÓN OBRA POS+2020: INSTALACIÓN DE UNHA ÁREA RECREATIVA INFANTIL NO CEIP ANA MARÍA DIEGUEZ

Expediente do POS +2020 2019/A008/000054.

#### ANTECEDENTES

1.- A Deputación Provincial de Coruña ó día 25/10/2019, aprobou as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2020 (BOP núm. 208 do 31 de outubro de 2019)

2.- O Pleno do concello de Rianxo de data 18 de decembro de 2019 acordou a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020 e nesa mesma sesión tamén se aprobaron os proxectos de obras correspondentes.

3.- Posteriormente, o Goberno da Nación, mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declara o estado de alarma en todo o territorio nacional, adoptando unha serie de medidas para a prevención da propagación da pandemia no noso país, entre as que se atopan restricións á libre circulación das persoas ( artigo 7 do Real Decreto) e medidas de contención nos ámbitos educativos e de formación ( artigo 9) nos equipamentos culturais, deportivos, e de lecer ( artigo 10) **así como de suspensión de los prazos administrativos (Disposición adicional 3ª) e de prescripción e caducidade (Disposición adicional 4ª)**

4.- Pese ao anterior, a Deputación Provincial da Coruña en data de 04.03.2020 ( R.E. n.º 1012) requiriu ao concello respecto do proxecto sinalado no encabezamento a subsanación seguinte:

"Revisada a documentación presentada nesta convocatoria, atopáronse as seguintes deficiencias:

-Anexo V (Informe técnico sobre o investimento) faltan os apartados de "Aptitude urbanística" e "Competencia do redactor do proxecto ou prego", obrigatorios neste anexo segundo as Bases reguladoras do Plan.

□Revisado o proxecto técnico deste investimento polos Servizos técnicos desta deputación para a súa supervisión, advertíronse as seguintes deficiencias:

Tendo en conta as determinacións do artigo 18 da Lei 9/2017, atendendo a prestación principal, deberase considerar o contrato como de SUBMINISTRO; debendo reconducirse o proxecto técnico como prego de condicións técnicas particulares, preceptivo para este tipo de contrato.

*Todas as partidas do orzamento deberán ser subvencionables, non admitíndose partidas de natureza administrativa como legalizacións, homologacións, licenzas, estudos, etc., nin honorarios de profesionais, sen prexuízo de que deban realizarse polo concello con cargo aos seus propios recursos, pero non poderán figurar no orzamento do prego incluído no Plan.*

*Así mesmo debe eliminarse todas as referencias a marcas comerciais. Lei 9/2017.-Art. 126. Regras para o establecemento de prescricións técnicas.[...]6. Salvo que lo justifique el objeto del contrato, las prescripciones técnicas no harán referencia a una fabricación o una procedencia determinada, o a un procedimiento concreto que caracterice a los productos o servicios ofrecidos por un empresario determinado, o a marcas, patentes o tipos, o a un origen o a una producción determinados, con la finalidad de favorecer o descartar ciertas empresas o ciertos productos. Tal referencia se autorizará, con carácter excepcional, en el caso en que no sea posible hacer una descripción lo bastante precisa e intelixible del objeto del contrato en aplicación del apartado 5, en cuyo caso irá acompañada de la mención «o equivalente»*

*O CONCELLO DEBERÁ APROBAR O PROXECTO CORRIXIDO POLO ÓRGANO COMPETENTE E VOLVELO A SUBIR INTEGRAMENTE Á PLATAFORMA. Cando a aprobación se faga por decreto da Alcaldía por tratarse de correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica, este decreto deberá posteriormente subirse á plataforma SUBTEL e elevarse ao pleno do concello nos respectivos expedientes municipais sen necesidade de remitir a ratificación plenaria a esta deputación. Estas deficiencias deberán ser corrixidas coa maior brevidade posible. Para realizar a dita emenda deberá entrar na PLATAFORMA SUBTEL desta deputación coa súa clave de usuario e contrasinal e realizar o trámite en DOCUMENTACIÓN ADICIONAL/ EMENDA”*

*4.- Deuse traslado desta circunstancia ao redactor do proxecto, procedendo éste en data de 13.04.2020 ( R.E. n.º 278) a aportar proxecto técnico corrixido indicando así mesmo mediante mail remito en data de 13.04.2020 que “a modificación do proxecto xa se revisou polos técnicos da Deputación, para que todo estivese dacordo aos seus criterios e que xa está listo para aprobar e continuar coa tramitación do expediente. “.*

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

*Segundo o RD 463/2020 ( modificado polo RD 465/2020 de 17 de marzo):*

**“ 1. Suspéndense termos e interrómpense os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o presente real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.**

*2. A suspensión de termos e a interrupción de prazos aplicarase a todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

*3. Non obstante o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento **e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.***

*4. Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos”*

*Segundo o establecido no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que sinala no seu apartado 2: “As Administracións Públicas poderán, asimesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritmético existentes nos*

seus actos”.

*Considerando que as modificacións introducidas son correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica , non alterándose o contido do proxecto presentado no seu día, e á vista do indicado pola redactora do proxecto manifestando á supervisión previa do modificado por parte dos servizos da Deputación que parecen conformes co proxecto presentado.*

*Tendo en conta que mediante resolución de alcaldía n.º 188/2020 se procedeu á suspensión dos órganos colexiados do Concello durante o estado de alarma e as súas prorrogas, estando pendente de comprobar a posible posta en marcha de sesións dos citados órganos coas garantías que así esixe o artigo 46.3 da LBRL modificado polo RD 11/2020 de 31 de marzo.*

Por todo o exposto, RESOLVO:

**PRIMEIRO**

*De acordo co sinalado nas consideración legais e técnicas anteriores, aprobar o proxecto modificado presentado en data de 13/04/2020 con RE n.º 278 redactado a requirimento da Deputación Provincial da Coruña, que en todo caso non supón alteracións respecto do orzamento inicial nin modificacións de carácter sustancial senón correccións materiais para poder atender áo requirimento da Deputación da Coruña.*

**SEGUNDO**

*Dar conta desta resolución ao Pleno da corporación para a súa Ratificación na seguinte sesión ordinaria que se celebre.*

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

**4 RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA 237/2020 DE APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO PARA A OBRA DOTACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE QUINTÁNS, NA PARROQUIA DE ISORNA FASE I EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a ratificación resolución alcaldía 237/2020 de aprobación do proxecto técnico modificado para a obra DOTACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE QUINTÁNS, NA PARROQUIA DE ISORNA FASE I, sen ditame previo de Comisión Informativa dado que con data 14 de marzo de 2020 o Goberno da Nación mediante Decreto 463/2020 declara o estado de alarma en todo o territorio nacional adoptando unha serie de medidas para a prevención da propagación da pandemia motivada polo COVID-19, entre as que se atopa a suspensión dos prazos administrativos (disposición adicional 3ª) e de prescrición e caducidade (disposición adicional 4ª), pese a isto a Deputación Provincial da Coruña requiriu ao Concello a unha serie de subsanacións con respecto ao proxecto sinalado, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente aos efectos de poder



aprobar o expediente correspondente ao Plan Provincial POS+2020.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

Con data 27 de abril de 2020 con Resolución de Alcaldía número 237/2020 que a continuación se transcribe:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO ABRIL 2020**

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

*Asunto: SUBSANACIÓN REQUIRIMENTO DEPUTACIÓN OBRA POS+2020: : Dotación de redes de saneamento e abastecemento de auga no lugar de Quintáns, na parroquia de Isorna fase I*

*Expediente do POS + 2020 2019/A008/000052*

ANTECEDENTES

1.- A Deputación Provincial de Coruña ó día 25/10/2019, aprobou as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2020 (BOP núm. 208 do 31 de outubro de 2019)

2.- O Pleno do concello de Rianxo de data 18 de decembro de 2019 acordou a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020 e nesa mesma sesión tamén se aprobaron os proxectos de obras correspondentes.

3.- Posteriormente, o Goberno da Nación, mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declara o estado de alarma en todo o territorio nacional, adoptando unha serie de medidas para a prevención da propagación da pandemia no noso país, entre as que se atopan restricións á libre circulación das persoas ( artigo 7 do Real Decreto) e medidas de contención nos ámbitos educativos e de formación ( artigo 9) nos equipamentos culturais, deportivos, e de lecer ( artigo 10) **así como de suspensión de los prazos administrativos (Disposición adicional 3ª) e de prescripción e caducidade (Disposición adicional 4ª)**

4.- Pese ao anterior, a Deputación Provincial da Coruña en data de 04.03.2020 ( R.E. n.º 1014) requiriu ao concello respecto do proxecto sinalado no encabezamento a subsanación seguinte:

*"Revisada a documentación presentada nesta convocatoria, atopáronse as seguintes deficiencias:*

*-- No Anexo V (Informe técnico sobre o investimento), a arquitecta municipal indica que son necesarias as autorizacións de Augas de Galicia, Deputación da Coruña, Consellería de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, Demarcación de Costas do Estado en Galicia e Patrimonio Cultural. Deberán achegar as ditas autorizacións, e no caso de non telas nestes momentos, deberán achegar as solicitudes feitas aos ditos organismos. Ademais no dito Anexo V faltan os apartados de "Aptitude urbanística" e "Competencia do redactor do proxecto ou prego", obrigatorios neste anexo, segundo as Bases reguladoras do Plan.*

*No Anexo VI, (Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos), a secretaria do concello conclúe o seguinte:*

*"A vista do exposto, considerando que o inventario non está aprobado definitivamente, considerando que segundo*

*certificación catastral da parcela con referencia 15073A040000340000FQ, a citada parcela pertence á C.M.U.M.C parroquia de Isorna; e tendo en conta que non se dispón de título que habilite a ocupación do dominio público nin de autorizacións sectoriais anteriormente indicadas, enténdese que non se acredita a dispoñibilidade dos terreos"*

*Polo exposto, indicarlle ao concello a conveniencia de valorar a substitución deste investimento por outro no que non concorran estas circunstancias, dado que aínda que este investimento se inclúe no Plan complementario, a tramitación do procedemento tendente á obtención da dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, poden demorar considerablemente a aprobación definitiva do mesmo e polo tanto a execución do investimento.*

*Revisado o proxecto técnico deste investimento polos Servizos técnicos desta deputación para a súa supervisión, advertíronse as seguintes deficiencias:*

*- O proxecto especifica marcas comerciais nalgunhas das especificacións técnicas dos equipos a instalar, que deberán suprimirse ou facer referencia ao termo "ou semellante", segundo o que establece o artigo 126 da Lei 9/2017, apartados 5.b) e 6, así como as bases reguladoras do POS+2020 no apartado 5.B.3.1.- no que non se pode facer referencia a marcas concretas en ningún documento do proxecto.*

*- As unidades de obra definidas no orzamento "4.6.- Ud Acometida eléctrica.... abono de taxas, permisos, supervisión por organismos de control autorizado, legalización da instalación na delegación de industria, realización de documentación técnica específica do instalador que execute a obra ... a ud. 5.8.- Cuota e traballos externos de conexión á rede existente a ud. 8.4.- Control sobre a documentación esixida e a ud. 8.5.- Realización do informe de resultados", non serán subvencionables, segundo o que establecen as bases reguladoras do POS+2020, no capítulo 5.B.3.1. - Obras e administracións, apartado b)*

*- Será preciso xustificar a Orde VIV/561/2010 de 1 de febreiro sobre as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados, o Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na CCAA de Galicia e a Lei 10/2014 de 3 de decembro de accesibilidade.*

*No capítulo 4\_ Instalación de bombeo, as unidades de obra: 4.1\_ 4.3\_4.4\_4.6 e 4.7 defínense elementos que se solapan entre as distintas partidas orzamentarias. Obsérvase que neste capítulo non se reflicte sobre a planimetría o descrito no orzamento, polo que será preciso concretar e definir este termo.*

*O CONCELLO DEBERÁ APROBAR O PROXECTO CORRIO CONCELLO DEBERÁ APROBAR O PROXECTO CORRIXIDO POLO ÓRGANO COMPETENTE E VOLVELO A SUBIR INTEGRAMENTE Á PLATAFORMA. Cando a aprobación se faga por decreto da Alcaldía por tratarse de correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica, este decreto deberá posteriormente subirse á plataforma SUBTEL e elevarse ao pleno do concello nos respectivos expedientes municipais sen necesidade de remitir a ratificación plenaria a esta deputación.*

*Estas deficiencias deberán ser corrixidascoa maior brevidade posible. Para realizar a dita emenda deberá entrar na PLATAFORMA SUBTEL desta deputación coa súa clave de usuario e contrasinal e realizar o trámite en DOCUMENTACIÓN ADICIONAL/ EMENDA"*

*4.- Deuse traslado desta circunstancia ao redactor do proxecto, procedendo éste en data de 22.04.2020 ( R.E. n.º 202099900000311) a aportar proxecto técnico correxido, que foi subido a plataforma Subtel o 23.04.2020 co Nº Rexistro: 202099900035025 Expediente: 2019000034758*

*5.- Con data 27.04.2020 e con número de Rexistro 202000000001305, recíbese a notificación da Deputación da Coruña, indicando:*

*"O proxecto técnico corrixido deste investimento foi supervisado favorablemente polos Servizos técnicos desta deputación polo que:*

O CONCELLO DEBERÁ APROBAR O PROXECTO CORRIXIDO POLO ÓRGANO COMPETENTE. Cando a aprobación se faga por decreto da Alcaldía por tratarse de correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica, este decreto deberá subirse á plataforma SUBTEL e elevarse ao pleno do concello nos respectivos expedientes municipais sen necesidade de remitir a ratificación plenaria a esta deputación.

Lémbbraselle que este investimento segue condicionado as Autorizacións de Augas de Galicia, Demarcación de Costas do Estado, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Servizo de Urbanismo da Xunta de Galicia e á acreditación da dispoñibilidade dos terreos, polo que deberán achegar as ditas autorizacións, e no caso de ter condicións deberán enviar un informe do técnico de que o proxecto técnico do investimento cumpre coas condicións indicadas nas ditas autorizacións.../..."

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Segundo o RD 463/2020 ( modificado polo RD 465/2020 de 17 de marzo):

**" 1. Suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o presente real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.**

2. A suspensión de termos e a interrupción de prazos aplicarase a todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. Non obstante o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento **e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.**

4. Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos"

Segundo o establecido no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que sinala no seu apartado 2: "As Administracións Públicas poderán, asimesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritmético existentes nos seus actos".

Considerando que as modificacións introducidas son correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica, non alterándose o contido do proxecto presentado no seu día, e á vista da notificación da Deputación da Coruña con data ----- solicitando a aprobación do proxecto.

Tendo en conta que mediante resolución de alcaldía n.º 188/2020 se procedeu á suspensión dos órganos colegiados do Concello durante o estado de alarma e as súas prorrogas, estando pendente de comprobar a posible posta en marcha de sesións dos citados órganos coas garantías que así esixe o artigo 46.3 da LBRL modificado polo RD 11/2020 de 31 de marzo.

Por todo o exposto, RESOLVO:

PRIMEIRO

*De acordo co sinalado nas consideración legais e técnicas anteriores, aprobar o proxecto modificado presentado en data de 22.04.2020 ( R.E. n.º 20209990000311) redactado a requirimento da Deputación Provincial da Coruña, que en todo caso non supón alteracións respecto do orzamento inicial nin modificacións de carácter sustancial senón correccións materiais para poder atender áo requirimento da Deputación da Coruña.*

SEGUNDO

*Dar conta desta resolución ao Pleno da corporación para a súa Ratificación na seguinte sesión ordinaria que se celebre.*

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## **5 RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA 238/2020 DE APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO PARA A OBRA DOTACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO CON DEPURACIÓN NO LUGAR DE VILAS CONCELLO DE RIANXO FASE I**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a ratificación resolución alcaldía 238/2020 de aprobación do proxecto técnico modificado para a obra DOTACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO CON DEPURACIÓN NO LUGAR DE VILAS CONCELLO DE RIANXO FASE I sen ditame previo de Comisión Informativa dado que con data 14 de marzo de 2020 o Goberno da Nación mediante Decreto 463/2020 declara o estado de alarma en todo o territorio nacional adoptando unha serie de medidas para a prevención da propagación da pandemia motivada polo COVID-19, entre as que se atopa a suspensión dos prazos administrativos (disposición adicional 3ª) e de prescrición e caducidade (disposición adicional 4ª), pese a isto a Deputación Provincial da Coruña requiriu ao Concello a unha serie de subsanacións con respecto ao proxecto sinalado, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente aos efectos de poder aprobar o expediente correspondente ao Plan Provincial POS+2020.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

Con data 27 de abril de 2020 con Resolución de Alcaldía número 238/2020 que a continuación se transcribe:

*RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA*

### **APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO**

*Asunto: SUBSANACIÓN REQUIRIMENTO DEPUTACIÓN OBRA POS+2020: Dotación de redes de abastecemento e*

saneamento con depuración no lugar de Vilas-Concello de Rianxo fase I

Expediente do POS + 2020 2019/A008/000053

#### ANTECEDENTES

1.- A Deputación Provincial de Coruña ó día 25/10/2019, aprobou as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2020 (BOP núm. 208 do 31 de outubro de 2019)

2.- O Pleno do concello de Rianxo de data 18 de decembro de 2019 acordou a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020 e nesa mesma sesión tamén se aprobaron os proxectos de obras correspondentes.

3.- Posteriormente, o Goberno da Nación, mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declara o estado de alarma en todo o territorio nacional, adoptando unha serie de medidas para a prevención da propagación da pandemia no noso país, entre as que se atopan restricións á libre circulación das persoas (artigo 7 do Real Decreto) e medidas de contención nos ámbitos educativos e de formación (artigo 9) nos equipamentos culturais, deportivos, e de lecer (artigo 10) **así como de suspensión de los prazos administrativos (Disposición adicional 3ª) e de prescripción e caducidade (Disposición adicional 4ª)**

4.- Pese ao anterior, a Deputación Provincial da Coruña en data de 04.03.2020 ( R.E. n.º 1013) requiriu ao concello respecto do proxecto sinalado no encabezamento a subsanación seguinte:

“ Revisada a documentación presentada nesta convocatoria, atopáronse as seguintes deficiencias:

- No Anexo V (Informe técnico sobre o investimento), a arquitecta municipal indica que é necesaria a autorización de AXI, Deberá achegar a dita autorización, e no caso de non tela neste momento, deberá achegar a solicitude feita ao dito organismo. Ademais no dito Anexo V faltan os apartados de "Aptitude urbanística" e "Competencia do redactor do proxecto ou prego", obrigatorios neste anexo, segundo as Bases reguladoras do Plan, e no encabezado falta na denominación do investimento a indicación "Fase I".

- O Anexo VII non se corresponde con este investimento, pois no apartado "Breve descrición do gasto" refírese ao núcleo de Quintáns e non ao lugar de Vilas

Revisado o proxecto técnico deste investimento polos Servizos técnicos desta deputación para a súa supervisión, advertíronse as seguintes deficiencias:

- As unidades de obra definidas no orzamento "8.- Control de calidade.... Realización do informe de resultados", non serán subvencionables, segundo o que establecen as bases reguladoras do POS+2020, no capítulo 5.B.3.1.- Obras e subministracións, apartado b).

- As unidades descritas no capítulo 1\_Actuacións previas, están relacionadas co capítulo de Seguridade e Saúde, polo que entendemos, deberán ser valoradas nese último.

No artigo 130.3 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, establece que as unidades de obra cifranse nunha porcentaxe dos custos indirectos, igual para tódalas unidades de obra. Nalgunhas unidades de obra do capítulo 4: Estación de depuración, non se reflicte a porcentaxe de custos indirectos (2%): 4.2-4.4-4.5-4.6 e 4.9

No capítulo 4 do orzamento as unidades de obra 4.6 e 4.8, conteñen erros na definición e valoración da tubaxe de Ø 200mm por Ø 160mm e a tubaxe de Ø 90mm por Ø 100mm.

- Segundo o artigo 233 apartado b) da Lei 9/2017, a planimetría deberá ser o suficientemente descritiva para que se

*poida deducir dela as medicións que sirvan de base para as valoracións pertinentes e para a exacta realización da obra, polo que será necesario reflectir sobre a planimetría a unidade de obra: 7.1 No capítulo 5\_Abastecemento, algunhas das unidades de obra non se atopan valoradas no orzamento pero si reflectidas na planimetría: 1e 0 ud Ventosa, 1e 2 ud Boca de rego, 4 e 3ud tapón cego*

*O CONCELLO DEBERÁ APROBAR O PROXECTO CORRIGIDO POLO ÓRGANO COMPETENTE E VOLVELO A SUBIR INTEGRAMENTE Á PLATAFORMA. Cando a aprobación se faga por decreto da Alcaldía por tratarse de correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica, este decreto deberá posteriormente subirse á plataforma SUBTEL e elevarse ao pleno do concello nos respectivos expedientes municipais sen necesidade de remitir a ratificación plenaria a esta deputación.*

*Estas deficiencias deberán ser corrixidas coa maior brevidade posible. Para realizar a dita emenda deberá entrar na PLATAFORMA SUBTEL desta deputación coa súa clave de usuario e contrasinal e realizar o trámite en DOCUMENTACIÓN ADICIONAL/ EMENDA"*

*4.- Deuse traslado desta circunstancia ao redactor do proxecto, procedendo éste en data de 22.04.2020 ( R.E. n.º 202099900000312) a aportar proxecto técnico correxido, que foi subido a plataforma Subtel o 23.04.2020 co Nº Rexistro: 202099900035023 Expediente: 2019000034760*

*5.- Con data 27.04.2020 e con número de Rexistro 20200000001306, recibese a notificación da Deputación da Coruña, indicando:*

*"O proxecto técnico corrixido deste investimento foi supervisado favorablemente polos Servizos técnicos desta deputación polo que:*

*O CONCELLO DEBERÁ APROBAR O PROXECTO CORRIGIDO POLO ÓRGANO COMPETENTE. Cando a aprobación se faga por decreto da Alcaldía por tratarse de correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica, este decreto deberá subirse á plataforma SUBTEL e elevarse ao pleno do concello nos respectivos expedientes municipais sen necesidade de remitir a ratificación plenaria a esta deputación.*

*Lémbbraselle que este investimento segue condicionado a Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, polo que deberá achegar a dita autorización, e no caso de ter condicións deberán enviar un informe do técnico de que o proxecto técnico do investimento cumpre coas condicións indicadas na dita autorización.../..."*

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

*Segundo o RD 463/2020 ( modificado polo RD 465/2020 de 17 de marzo):*

***" 1. Suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o presente real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.***

*2. A suspensión de termos e a interrupción de prazos aplicarase a todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

*3. Non obstante o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento **e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.***

*4. Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades*

*do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos”*

*Segundo o establecido no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que sinala no seu apartado 2: “As Administracións Públicas poderán, asimesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritmético existentes nos seus actos”.*

*Considerando que as modificacións introducidas son correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica, non alterándose o contido do proxecto presentado no seu día, e á vista da notificación da Deputación da Coruña con data 27.04.2020 solicitando a aprobación do proxecto.*

*Tendo en conta que mediante resolución de alcaldía n.º 188/2020 se procedeu á suspensión dos órganos colegiados do Concello durante o estado de alarma e as súas prorrogas, estando pendente de comprobar a posible posta en marcha de sesións dos citados órganos coas garantías que así esixe o artigo 46.3 da LBRL modificado polo RD 11/2020 de 31 de marzo.*

*Por todo o exposto, RESOLVO:*

#### *PRIMEIRO*

*De acordo co sinalado nas consideración legais e técnicas anteriores, aprobar o proxecto modificado presentado en data de 22.04.2020 ( R.E. n.º 20209990000312) redactado a requirimento da Deputación Provincial da Coruña, que en todo caso non supón alteracións respecto do orzamento inicial nin modificacións de carácter sustancial senón correccións materiais para poder atender áo requirimento da Deputación da Coruña.*

#### *SEGUNDO*

*Dar conta desta resolución ao Pleno da corporación para a súa Ratificación na seguinte sesión ordinaria que se celebre.*

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## **6 RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA 239/2020 DE APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO PARA A OBRA DOTACIÓN E AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE OUTEIRO, NA PARROQUIA DE TARAGOÑA**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a ratificación resolución alcaldía 239/2020 de aprobación do proxecto técnico modificado para a obra DOTACIÓN E AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE OUTEIRO, NA PARROQUIA DE TARAGOÑA sen ditame previo de Comisión Informativa dado que con data 14 de marzo de 2020 o Goberno da Nación mediante Decreto 463/2020 declara o estado de alarma en todo o territorio nacional adoptando

unha serie de medidas para a prevención da propagación da pandemia motivada polo COVID-19, entre as que se atopa a suspensión dos prazos administrativos (disposición adicional 3ª) e de prescrición e caducidade (disposición adicional 4ª), pese a isto a Deputación Provincial da Coruña requiriu ao Concello a unha serie de subsanacións con respecto ao proxecto sinalado, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente aos efectos de poder aprobar o expediente correspondente ao Plan Provincial POS+2020.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

Con data 27 de abril de 2020 con Resolución de Alcaldía número 239/2020 que a continuación se transcribe:

#### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

#### **APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO**

*Asunto: SUBSANACIÓN REQUIRIMENTO DEPUTACIÓN OBRA POS+2020: Dotación e ampliación da rede de abastecemento de auga no lugar de Outeiro, na parroquia de Taragoña*

*Expediente do POS + 2020 2019/A008/000051*

#### ANTECEDENTES

- 1.- A Deputación Provincial de Coruña ó día 25/10/2019, aprobou as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2020 (BOP núm. 208 do 31 de outubro de 2019)
- 2.- O Pleno do concello de Rianxo de data 18 de decembro de 2019 acordou a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020 e nesa mesma sesión tamén se aprobaron os proxectos de obras correspondentes.
- 3.- Posteriormente, o Goberno da Nación, mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declara o estado de alarma en todo o territorio nacional, adoptando unha serie de medidas para a prevención da propagación da pandemia no noso país, entre as que se atopan restricións á libre circulación das persoas ( artigo 7 do Real Decreto) e medidas de contención nos ámbitos educativos e de formación ( artigo 9) nos equipamentos culturais, deportivos, e de lecer ( artigo 10) **así como de suspensión de los prazos administrativos (Disposición adicional 3ª) e de prescrición e caducidade (Disposición adicional 4ª)**
- 4.- Pese ao anterior, a Deputación Provincial da Coruña en data de 04.03.2020 ( R.E. n.º 1015) requiriu ao concello respecto do proxecto sinalado no encabezamento a subsanación seguinte:  
*“Revisada a documentación presentada nesta convocatoria, atopáronse as seguintes deficiencias:*  
  
*- No Anexo V (Informe técnico sobre o investimento), a arquitecta municipal indica que son necesarias as autorizacións de Augas de Galicia e da Axencia Galega de Infraestruturas. Deberán achegar as ditas autorizacións, e no caso de non telas neste momento, deberán achegar as solicitudes feitas aos ditos organismos. Ademais no proxecto indícase que está afectado un cruceiro, polo que deberá aclararse se é necesaria a autorización de Patrimonio Cultural.*



*Por outra banda no dito Anexo V faltan os apartados de aptitude urbanística e competencia técnica obrigatorios neste anexo, segundo as Bases reguladoras do Plan.*

*- No Anexo VI (Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos), a secretaria xeral do concello indica que non se acredita a dispoñibilidade dos terreos, aínda que a arquitecta informa no mesmo Anexo que o investimento se executa sobre vías existentes e de dominio público municipal. Por tal motivo, solicítaselle á secretaria do concello aclaración sobre se a non dispoñibilidade se xustifica só no feito de que aínda non se conta coas autorizacións dos organismos sectoriais afectados polo investimento, indicados pola arquitecta, ou se fundamenta ademais noutras circunstancias, en cuxo caso a aprobación definitiva do investimento quedaría condicionada tamén a estas. Neste último suposto, o concello deberá valorar a conveniencia de substituír este investimento por outro no que non concorran estas circunstancias, para os efectos de garantir a viabilidade dos investimentos financiados por este Plan.*

*Revisado o proxecto técnico deste investimento polos Servizos técnicos desta deputación para a súa supervisión, emitiron un informe desfavorable polas seguintes deficiencias:*

*- As unidades de obra definidas no orzamento "3.9.- Cuota e traballos externos... e a unidade 6.1.- Control de certificados...", non serán subvencionables, segundo o que establecen as bases reguladoras do POS+2020, no capítulo 5.B.3.1.- Obras e subministracións, apartado b).*

